



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SCC

Expediente núm. 2025/E001/000005
2025/G003/002819

DECRETO POLO QUE SE CONSTITÚE LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABAJO) DE PERSOAL LABORAL COA CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 1171/2025, do 22 de maio (2025/G003/001127) corrixido polo Decreto núm. 1417/2025, do 17/06/2025 (2025/G003/001430), procedeuse á convocatoria do proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo á que acudir, para o nomeamento como persoal laboral temporal (grupo A, subgrupo A2) na categoría de traballador/a social, nos supostos de baixa por IT dos titulares, vacacións, excedencias e calquera outra semellante.

O anuncio da convocatoria e as súas bases corrixidas foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia (BOP) núm. 108, do 09/06/2025 e o Decreto de corrección de erros co núm. 119, do 25/06/2025.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 10 de xuño (primeiro día hábil trala publicación inicial) e rematou o 9 de xullo de 2025.

O día 04/08/2025 publícase a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de alegacións de cinco (5) días hábiles. Este prazo rematou o 11/08/2025 tal e como indica a base 4 das bases que rexen a convocatoria.

O proceso selectivo (fase de oposición) tivo lugar o día 16/10/2025.

O 20/10/2025 publícase o resultado provisional da fase de oposición do proceso selectivo outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións.

Con data 21/10/2025 presentouse unha alegación (registro de entrada nº 202599900004326) na que unha aspirante solicitaba a revisión da puntuación outorgada na fase de oposición.

O 5/11/2025 resolveuse estimar a alegación indicada e procédese ao desenvolvemento da fase de concurso.

Con data 17/11/2025 publícase o resultado do proceso selectivo para a constitución da lista de espera (bolsa de traballo).

Posteriormente, o 26/11/2025 publícase unha dilixencia de corrección de erros na que se fai constar que: “a aspirante Rocío Lozano Verdes ten unha puntuación de 44 puntos na fase de oposición, unha puntuación de 20,7 na fase de concurso e unha puntuación final de 70,7. Onde di 70,7 debe dicir 64,7, polo que a aspirante queda cunha puntuación de 44 na fase de oposición, 20,7 na fase de concurso e 64,7 na puntuación final”.

Finalmente, o 1/12/2025 finalizou o prazo para a presentación de alegacións.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SCC

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A base número 7 das bases que rexen a convocatoria establece que a cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas polas aspirantes que superasen a fase de oposición máis a puntuación correspondente á fase de concurso.

Segundo. Correspóndelle a concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro (BOP núm. 216, do 08/11/2024).

Por todo o indicado anteriormente, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

1. Aprobar a **lista de espera (bolsa de traballo) de traballador/a social** integrada polas persoas aspirantes que a seguir se indican, de acordo coa proposta elaborada polo tribunal de selección e segundo o resultado do proceso selectivo:

ORDE	NOME	DNI
1	Vázquez Saques, Antía Consuelo	***3762**
2	Fernández Dopazo, María del Carmen	***1181**
3	Gil Rodríguez, Iria	***0397**
4	Hernando Martínez, Paula	***8963**
5	Santiago Pereira, Norma	***0270**
6	Rodríguez Navas, Beatriz Paz	***8566**
7	Tojo Curros, Isabel	***6690**
8	Gómez Lamas, Carmen Patricia	***9336**
9	Lozano Verdes, Rocío	***4312**

2. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SCC

intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

Ana María Pena Purriños